

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Azuaga, Jerez de los Caballeros e Zafra.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias de Montilla, Peñarroya-Pueblonuevo e Pousadas.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Aracena, Cartaza, Cortesana, La Palma del Condado, Puebla de Guzmán e Valverde del Camino.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Cazalla de la Sierra e El Ronquillo.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 2 de agosto de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

XEFATURA DO ESTADO

14884 *REAL DECRETO LEI 7/2007, do 3 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Canarias.* («BOE» 186, do 4-8-2007.)

Durante os últimos días do mes de xullo e primeiros do mes de agosto de 2007 sucedéronse no arquipélago canario diversos incendios forestais que afectaron con especial intensidade as illas de Gran Canaria, Tenerife e La Gomera.

Víronse seriamente danadas miles de hectáreas nas tres illas citadas, o que provocou, á parte de graves afeccións na masa forestal, a evacuación de máis de 12.000 persoas, as cales tiveron que ser desaloxadas das súas vivendas ante o perigo que supoñía para a súa integridade física a proximidade do lume aos núcleos de poboación afectados.

A gravidade dos incendios requiriu mobilizar para a súa extinción, alén dos efectivos humanos e técnicos empregados pola Comunidade Autónoma de Canarias, medios extraordinarios, tanto da Administración xeral do Estado, como das outras administracións autonómicas e locais; especialmente de medios aéreos.

A magnitude destes feitos, e das súas consecuencias, obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes.

Prevese así, nesta norma, un réxime de axudas específicas, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos en persoas e bens e á recuperación das zonas afectadas.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polos citados incendios nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

O obxectivo desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan diversos departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, desde as que se dirixen a diminuír as cargas tributarias ata as que prevén a concesión de créditos privilexiados para intentar paliar o impacto nos cidadáns e nas empresas afectados.

Neste sentido, e co fin de non demorar a aplicación inmediata das medidas máis perentorias, procedeuse a ditar con carácter de urxencia este real decreto lei, deixando para un desenvolvemento posterior a habilitación dos créditos adecuados, e na contía necesaria, para o financiamento das medidas cuxa natureza así o xustifiquen.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplícaranse ás persoas e bens afectados polos incendios acontecidos durante os últimos días do mes de xullo e primeiros do mes de agosto de 2007 na Comunidade Autónoma de Canarias.

2. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos cales concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do Ministerio do Interior. Para tal efecto, poderanse entender tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos cales, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

3. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar, con delimitación dos municipios e núcleos de poboación afectados, a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei a outros incendios de características similares que acaecesen ou poidan acaecer na mesma e outras comunidades autónomas, desde o 1 de marzo ata o 1 de novembro de 2007.

Artigo 2. *Subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria dos cabidos insulares.*

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación aos cales se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, así como das redes de distribución e depósitos dos consellos insulares de auga, e á rede viaria dos cabidos insulares, aplicaráselles o trámite de urxencia, podendo o Estado concederlles unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

Artigo 3. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

1. As indemnizacións previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados para o ano 2007 e estando situadas no ámbito xeográfico sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 20 por cento da súa produción, de acordo con criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

2. Serán obxecto de indemnización:

a) Nas explotacións gandeiras, as perdas producidas como consecuencia dos danos rexistrados sobre áreas de aproveitamento gandeiro, sempre e cando os animais das ditas explotacións estean asegurados en calquera das liñas de seguros contidas no dito plan.

b) Serán, igualmente, obxecto de indemnización os danos rexistrados naquelas producións agrícolas e gandeiras para as cales nas datas do sinistro non se iniciase o período de contratación do correspondente seguro, sempre e cando se contratase o dito seguro na campaña anterior.

c) Para as restantes producións agrícolas e gandeiras, que no momento de se produciren os danos dispuñan de

póliza en vigor amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, serán indemnizados os danos que non fosen garantibles mediante o dito sistema.

d) Por último, serán obxecto de indemnización os danos orixinados polos incendios nas producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente plan de seguros agrarios combinados, excepto no caso de que as ditas producións estiveren garantidas por algunha outra modalidade de aseguramento.

3. As perdas rexistradas nas explotacións gandeiras, como consecuencia dos danos producidos sobre áreas de aproveitamento gandeiro, serán compensadas cunhas indemnizacións en concepto de gastos extraordinarios para a alimentación dos animais.

Para a determinación da indemnización nas producións agrícolas valoraranse as perdas rexistradas sobre a produción esperada na campaña. Para o caso de producións agrícolas leñosas terase en conta, ademais, unha compensación equivalente ao custo de reposición das plantacións afectadas e a posible repercusión que se puider orixinar na colleita das próximas campañas.

Para as restantes producións, a indemnización que se percibirá determinarase tendo en conta, na medida en que resulten aplicables, as condicións e procedementos establecidos no sistema de seguros agrarios.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coa Comunidade Autónoma, establecerá o procedemento para a determinación de todas as indemnizacións previstas neste punto e a contía máxima delas.

Artigo 4. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio de 2007 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos incendios, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2007 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos incendios, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciuse o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2006.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos incendios e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados polas ditas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos e

cabidos insulares será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 5. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o punto 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio de Medio Ambiente, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendimento neto a que se refire a Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, pola que se desenvolven, para o ano 2007, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 6. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa directa nos danos producidos polos incendios, así como nas perdas de actividade directamente derivadas deles no sector da hostalaría e hospedaxe que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que deriven a súa causa inmediatamente dos incendios, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. As empresas e mais os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de ata un ano sen xuros no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos tres meses naturais inmediatamente anteriores á produción do sinistro.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se é o caso, os xuros de demora, as recargas e custas correspondentes. Se o que tiver dereito á devolución for debedor á Seguridade Social

por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Servizo Público de Emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 7. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos determinados no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou fornecementos de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 8. *Axudas por danos persoais e as destinadas a establecementos industriais, mercantís, agrarios e de servizos.*

1. As axudas previstas neste artigo rexeranse polo disposto no Real decreto 477/2007, do 13 de abril, polo que se modifica o Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en canto á aplicabilidade do Real decreto 477/2007, do 13 de abril, co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos incendios admitirase como medio de proba calquera documento que demostre o dito título, tales como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

3. As solicitudes para a concesión destas axudas serán tramitadas pola Delegación do Goberno ou as subdelegacións do Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias, presentarase no termo de dous meses, contado a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, e serán resoltas polo ministro do Interior no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude.

Artigo 9. *Réxime aplicable ás axudas a persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens; e réxime de axudas a corporacións locais.*

1. As axudas ás persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril.

2. As perdas de utensilios serán, igualmente, obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril.

3. As axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica e se establece o procedemento para a súa concesión, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril, sen que sexa aplicable a limitación da contía prevista nos seus artigos 22 e 23.

4. As solicitudes para a concesión das axudas establecidas neste artigo presentarase no termo de dous meses, contado a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

5. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo e as concedidas en aplicación do previsto no artigo 8, financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461, 471, 482, 761 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M. «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes e outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 10. *Axudas excepcionais en materia de vivenda: para aluguer de vivendas se se produciise a destrución total, así como para a reparación, rehabilitación e reconstrución destas.*

1. Serán beneficiarios das axudas excepcionais en materia de vivenda reguladas no número segundo deste artigo:

- a) Os propietarios, os usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa, sempre que a vivenda destruída ou danada teña a condición de residencia permanente e habitual con anterioridade á produción do sinistro.
- b) As comunidades de propietarios por danos en elementos comúns.

2. As axudas excepcionais, que se concederán con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c.2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, outorgarase nos seguintes supostos e contías:

a) Para aluguer de vivendas:

1.º Se como consecuencia do incendio forestal se produciise a destrución total da vivenda, ou debido ao seu mal estado residual, for precisa a súa demolición, os seus propietarios poderán acceder a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de 24 meses, prorrogable, se é o caso, ata que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova, aínda que se poderán admitir outras fórmulas de realoxamento alternativas cando así resulte necesario.

2.º Os que ocupasen como residencia habitual, en réxime de aluguer, vivendas que resultasen totalmente destruídas ou fosen demolidas, poderán acceder a axudas por aluguer consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas de aluguer da anterior e da nova vivenda de características análogas, por un período de tempo igual ao reflectido no parágrafo primeiro.

3.º No suposto de que a rehabilitación ou reparación da vivenda exixa o seu desaloxo, poderase acceder igualmente a unha vivenda en réxime de aluguer, durante un período máximo de 12 meses, prorrogable, se é o caso, ata que sexa posible a disposición da vivenda.

4.º A contía máxima que poden alcanzar estas axudas non poderá superar o importe de 70,87 euros/m²/aluguer ano, por vivenda, e ata un máximo de 6.378,3 euros/ano.

b) Para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas:

1.º Nos supostos en que, como consecuencia do incendio forestal, se producise a destrución total da vivenda, os seus propietarios poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reparación, rehabilitación e reconstrución, cuxa contía quedará determinada, no seu límite máximo, polo 50% do valor dos danos producidos segundo a taxación pericial efectuada ou ratificada polo órgano competente da comunidade autónoma, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida ser superior ao 40% do prezo de venda dunha vivenda cualificada de protección oficial de réxime especial, situada na mesma localidade que a vivenda destruída. Para os efectos do cómputo do dito prezo de venda, suporase unha superficie útil da vivenda protexida de 90 metros cadrados, sen rocho nin garaxe.

2.º Se a vivenda non resultou destruída, senón danada, a contía máxima da axuda económica para a súa rehabilitación ou reparación, baixo os mesmos supostos que os do parágrafo anterior, será de 12.000 euros.

3.º Poderán tamén ser beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada os que a ocuparen como residencia habitual, en calidade de usufrutuarios ou arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa. En tal caso, para os efectos da súa reconstrución, rehabilitación ou reparación, resultará perceptor da axuda correspondente quen acredite ser propietario do inmovible. Non obstante o anterior, no caso de comunidades de propietarios, por danos en elementos comúns, o perceptor da axuda será o representante legal da comunidade de propietarios.

3. Os particulares que soliciten as axudas previstas no número anterior deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) Ter a súa residencia nalgún dos termos municipais incluídos no ámbito do artigo primeiro deste real decreto lei.

b) A vivenda sinistrada debe constituír domicilio habitual do solicitante das axudas con anterioridade á produción do incendio forestal.

c) Xustificar, se é o caso, o importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario, como consecuencia da inhabilitabilidade da vivenda destruída ou danada.

d) Reunir a condición de propietario, usufrutuario ou arrendatario nos termos que se determinan neste artigo.

e) Acreditar escaseza de recursos económicos para facer fronte aos gastos obxecto das axudas previstas neste artigo, de acordo cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

4. O financiamento das axudas para reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas será efectuado pola Administración xeral do Estado, con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c.2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo.

5. As axudas recollidas neste artigo terán carácter extraordinario e rexeranse no que ao procedemento de concesión se refire, polo disposto neste real decreto lei e na orde ministerial que o desenvolva.

Artigo 11. *Actuacións en materia de comunicacións.*

Incorporaranse con carácter prioritario os municipios afectados polos incendios forestais orixinados na Comunidade Autónoma de Canarias aos acordos asinados o 21 de novembro de 2005 polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio cos operadores concesionarios Telefónica Móviles España, S. A. U. e France Telecom España, S. A. para a extensión de telefonía móbil. Da mesma forma, estes municipios serán incluídos con carácter preferente dentro

das actuacións previstas no Programa de extensión da banda larga do dito ministerio para zonas rurais e illadas, sen prexuízo das actuacións das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

Artigo 12. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos polo importe de 25 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas, coas cales se subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, forestais, gandeiros e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia dos incendios, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais establecidas por iniciativa da Comunidade Autónoma de Canarias.

b) Prazo: cinco anos, con un de carencia, se é o caso.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50% TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50%. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do dous por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de marzo de 2008.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo será levada a cabo polo ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2.a do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50% será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 13. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propoñer o pagamento das subvencións derivadas de danos en infraestruturas e equipamentos municipais e rede viaria a que se refire o artigo 2, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

O importe máximo do dito crédito será establecido nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei, tan pronto como se efectúe a valoración dos danos.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Artigo 14. *Actuacións de restauración-forestal e ambiental na Comunidade Autónoma de Canarias.*

1. Facúltase a ministra de Medio Ambiente para declarar a emerxencia das obras executadas polo dito departa-

mento na Comunidade Autónoma de Canarias nas seguintes materias:

a) Restauración hidrolóxico-forestal, control da erosión e desertificación, así como traballos complementarios, nos espazos forestais incendiados para mitigar os posibles efectos de posteriores chuvias.

b) Colaboración para a recuperación e rexeneración ambiental dos efectos producidos polos incendios forestais nos espazos da Rede Natura 2000, en particular, nos hábitats onde existan endemismos ou especies en perigo.

c) Apoio directo á retirada e tratamento da biomasa forestal queimada, se é o caso.

d) Colaboración no tratamento para o control de pragas nas masas forestais.

2. Todas ou parte destas actuacións poderán ser obxecto de convenio coa Comunidade Autónoma de Canarias.

3. Para determinar os espazos forestais susceptibles de axuda, atendendo ás características de excepcionalidade que concorren nestes incendios, non será de aplicación a disposición adicional novena deste real decreto lei.

Artigo 15. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1 O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar do Consortio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos non persoais, as correspondentes valoracións previstas nos artigos 8 e 9 deste real decreto lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2 O Consortio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consortio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3 Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consortio de Compensación de Seguros poderanse transmitir os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

Disposición adicional primeira. *Modificación da estrutura orgánica e despregamento da Unidade Militar de Emerxencias.*

O ministro de Defensa, de conformidade co previsto na disposición derradeira primeira do Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias, adoptará as medidas necesarias para establecer na illa de Tenerife unha unidade de intervención da Unidade Militar de Emerxencias, que se sumará á existente na illa de Gran Canaria.

Disposición adicional segunda. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puideren ser concedidas por outras administracións públicas, ou corresponderen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal, así como as indemnizacións que se concedan por danos en producións agrícolas e gandeiras, financiaranse con cargo aos orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais; para estes efectos, realizaranse as transferen-

cias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 52.1.a da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición adicional cuarta. *Actuacións con cargo a créditos financiados co fondo de continxencia de execución orzamentaria.*

Serán financiadas con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria as axudas recollidas no artigo 9.5, as subvencións contidas no artigo 13 e os convenios coa Comunidade Autónoma de Canarias que se prevén no punto segundo do artigo 14 do presente real decreto lei.

Disposición adicional quinta. *Actuacións no Ministerio de Defensa e no Ministerio de Interior.*

Para atender os gastos ocasionados pola extinción dos incendios acaecidos na Comunidade Autónoma de Canarias a que se refire esta norma, e para posibilitar o establecemento dunha unidade de intervención da Unidade Militar de Emerxencias na illa de Tenerife, o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, habilitará os créditos necesarios no orzamento do Ministerio de Defensa, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Así mesmo, para atender os gastos en que incorre o Ministerio do Interior nos labores de extinción do citado incendio, o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, habilitará os créditos necesarios no orzamento do Ministerio do Interior, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional sexta. *Actuacións no Ministerio de Medio Ambiente.*

Para realizar actuacións relacionadas coa protección do ambiente, como consecuencia do incendio acaecido, o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, habilitará os créditos necesarios no orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional sétima. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados de acordo co artigo 1, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos cales se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional oitava. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar os convenios de colaboración que requira a aplicación deste real decreto lei co Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias, os cabidos insulares e as corporacións locais afectadas.

Disposición adicional novena. *Habilitación ao Ministerio de Medio Ambiente.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, no exercicio das súas competencias e en relación aos incendios a que se refire este real decreto lei ou a aqueles que revistan similares características, a declarar zona de actuación especial para a restauración forestal e ambiental das zonas incendiadas, e decláranse de emerxencia as obras executadas polo dito departamento para tal fin.

Para os efectos das declaracións citadas no punto anterior será necesario que a superficie forestal afectada polo incendio reúna algunha das seguintes características:

- a) Que sexa superior a 5.000 hectáreas.
- b) Que sexa superior a 1.000 hectáreas, das cales máis do 70 por cento sexa de superficie forestal arborizada.
- c) Que sexa superior a 500 hectáreas que estean incluídas en lugares da Rede Natura 2000 e que afecten municipios que acheguen cando menos o 50 por cento do seu termo municipal á dita rede.
- d) No territorio insular, as superficies exixidas anteriormente serán as seguintes: na alínea a) 2.500 hectáreas; na alínea b) 500 hectáreas; e na alínea c) 250 hectáreas.

Disposición adicional décima. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio establecidas neste real decreto lei coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada polos representantes dos ministerios de Economía e Facenda, de Defensa, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente, de Vivenda, de Industria, Turismo e Comercio, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei será levado a cabo pola comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma, a través da Delegación do Goberno.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.23.^a e 149.1.29.^a da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais e de maior protección que adoptase ou poida adoptar a Comunidade Autónoma de Canarias ou outras comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

14890 *ORDE TAS/2388/2007, do 2 de agosto, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, no ámbito da Administración xeral do Estado. («BOE» 186, do 4-8-2007.)*

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, recolle a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitarles aos traballadores, ocupados e desempregados, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda os requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos traballadores, capacitándoos para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

Entretres non se complete o desenvolvemento do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de oferta, esta orde limita o seu ámbito de aplicación á formación desenvolvida no ámbito de xestión da Administración xeral do Estado; no ámbito de xestión das comunidades autónomas será de aplicación á formación de oferta a normativa anterior, conforme a disposición transitoria primeira do devandito real decreto.

Por conseguinte, esta orde desenvolve, para o ámbito de xestión da Administración xeral do Estado, a devandita formación de oferta desde un primeiro e ambicioso obxectivo, consonte o real decreto citado: o de integrar e darlle un tratamento coherente e unitario a toda a formación de oferta que se dirixa ao conxunto de traballadores, que transcenda a visión estanca de, por unha banda, ocupados e, pola outra, desempregados. Esta integración ha favorecer que os traballadores poidan optar a un recoñecemento efectivo da formación que reciben na liña do que establece a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e dos reais decretos que a desenvolven.

Así mesmo, esta orde regula as bases que deberán rexer a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar a formación de oferta pola Administración xeral do Estado, a través do Servizo Público de Emprego Estatal. Así, prevese distintas modalidades de formación de oferta que se financiarán mediante subvencións públicas, diferenciando as que serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva daquelas que o serán de forma directa.

A orde contén unha regulamentación extensa daquelas modalidades formativas que se dirixen, ben prioritariamente aos traballadores ocupados, ben prioritariamente aos desempregados, de acordo coa propia distinción que se establece no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo. Tamén prevé aqueles programas formativos específicos para persoas que teñan dificultades especiais de inserción ou recualificación profesional e das persoas que se encontren en situación de privación de liberdade e dos militares profesionais de tropa e mariñeira que manteñan unha relación laboral de carácter temporal coas Forzas Armadas. Ademais, contén a regulación daquelas accións formativas que se programen que inclúan compromisos de contratación.

Por outra banda, incorpórase ao texto unha regulación da realización de prácticas profesionais non laborais,